

ASEMBLEA XERAL

Debate sobre festivos e liberalización horaria

■ A Federación de Comercio de Ourense celebrou o pasado luns a reunión da súa Asemblea Xeral na Confederación Empresarial de Ourense. Entre os temas debatidos, a asemblea analizou os festivos locais fixados polo Concello de Ourense para 2012 (21 de febreiro -Martes de Entroido- e 3 de maio -Día dos Maíos-) e expresou o seu descontento coas datas seleccionadas.

Reclama que se recupere a norma, consensuada e pactada, que se aplicou durante anos no Concello e que fixaba como festivos o Martes de Entroido e o San Martiño, pasando este a luns se caía en fin de semana. O malestar nace, precisamente, porque o Concello decidiu recuperar como festivo o 3 de maio porque o San Martiño cadra a domingo.

FESTIVOS

Con esta decisión, nesa semana de maio serán festivos o martes 1 e o xoves 3, polo que os comerciantes verán notablemente reducida a súa actividade nunha das datas (días previos a festividade do Día da Nai) importantes pa-

A ASEMBLEA RECLAMOU RECUPERAR COMO FESTIVOS O MARTES DE ENTROIDO E O SAN MARTIÑO

ra o sector. A Asemblea da Federación tamén amosou a súa preocupación polo feito de que a política da Comunidade de Madrid en materia de liberalización horaria se poda estender a toda España e acordou trasladar este sentir ao presidente da Xunta, reclamando que a norma de Galicia prevaleza sobre a de Madrid.

Entre outros asuntos a tratar, a asemblea aprobou por unanimidade o orzamento para 2011 e o avance para 2012. Asemade, aprobou o proxecto de Incentivación da Demanda Comercial 2011, que se levará a cabo ó abeiro da Orde do 15 de novembro de 2011 da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, cofinanciado polo Feder. ■



Enrique García-Boente, Charo López, Aurelio Gómez Villar, Emilio González e Beatriz Gómez.

Comercio contra a violencia de xénero

■ A Federación de Comercio de Ourense implicouse na sensibilización social contra a violencia de xénero. Un convenio firmado entre a Federación Galega de Comercio e a Xunta levou aos comerciantes galegos a participar na campaña institucional "Fala. Denuncia. Actúa", posta en marcha con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro).

En Ourense, as librerías recibiron marcadores de páxinas coa imaxe e o lema da campaña para repartir entre os seus clientes, remitidos desde a propia Federación. ■



■ **Día das librerías.** A Agrupación de Libreiros de Ourense sumouse á campaña nacional da Confederación Española de Gremios e Asociacións de Libreiros (CEGAL) "Algo pasa na miña librería". Foi o seu grao de área á conmemoración do Día das Librerías, coa que reivindicou, a través de diferentes actividades, o traballo que os profesionais do sector fan diariamente desde as súas librerías e a súa labor de dinamización da vida cultural. A agrupación organizou unha lectura pública de textos na sede da CEO, na que participaron

personaxes públicos da vida ourensá e profesionais do sector. O acto estivo arroupado polo delegado territorial da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez; o subdelegado do Goberno, Camilo Ocampo; o presidente da Deputación, José Luis Baltar, e a tenente alcalde e concelleira de Cultura, Isabel Pérez.

A celebración completouse cun taller de actividades infantís nas Galerías Viacambre, coa que a Agrupación de Libreiros de Ourense buscou fomentar o hábito da lectura entre os máis novos. ■

Concurso de fotografía Re-mírate

■ A Dirección Xeral de Comercio puxo en marcha o I Concurso de fotografía comercial Re-Mírate, cuxo obxecto é a plasmación das calidades artísticas dos comerciantes galegos á hora de proxectar con creatividade e estilo o seu establecemento comercial.

Para participar poden enviar as fotografías a portaldocomerciante.cei@xunta.es ou subilas directamente na páxina de Facebook www.facebook.com/portaldocomerciante.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 11 de decembro e o fallo do concurso realizarase o 16 de decembro. ■

CAMPAÑA

As compras en Barbadás tiveron premio

■ Comerciantes e consumidores do Concello de Barbadás foron testemuña directa de que mercar no pequeno comercio tradicional desta localidade ourensana ten premio. Da man da Federación Galega de Comercio, en colaboración coa Federación de Comercio de Ourense, o Centro Empresarial Transfronteirizo de Barbadás, a Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia e Novagalicia Banco, A Valenzá converteuse entre o 31 de outubro e o 10 de novembro nun centro de promoción e dinamización do consumo polo miúdo.

Durante eses días, e grazas a campaña "As compras na túa vila teñen premio", os clientes da zona puideron trocar os seus vales de compra por participacións para entrar nun sorteo no que se repartirían un total de 3.000 euros en premios (dúas tarxetas regalo de 300 euros e 24 tarxetas de 100 euros).

O sorteo, que tivo lugar o último día da campaña, foi todo un éxito de participación. Máis de 11.000 boletos, o que evidencia un máis que notable índice de vendas, agardaban na urna aspirando a ser algúns dos premiados.

PROMOCIÓN

A fin da promoción levou ata o Parque dos Patos de A Valenzá un atractivo programa de actuacións para nenos e adultos. Pasacalles, zancudos, malabaristas, pallasos, maxia e actuación musical da cantante Mariana animaron a xornada ata que as 19 horas deu comezo o sorteo.

O acto contou coa presenza do presidente da Federación Galega de Comercio, José María Seijas; o seu homólogo na Federación de Comercio de Ourense, Aurelio Gómez Villar; o alcalde de Barbadás, José Manuel

REPARTÍRONSE UN TOTAL DE 3.000 EUROS EN PREMIOS, EN DÚAS TARXETAS REGALO DE 300 EUROS E 24 DE 100 EUROS. RECOLLÉRONSE MÁIS DE 11.000 BOLETOS

Freire, e a directora xeral de Comercio, Nava Castro, entre outros.

Barbadás puxo así o punto e final a presente edición da campaña "As compras na túa vila teñen premio" na provincia de Ourense, que tamén se levou a cabo nas vilas de Ribadavia, Celanova e Allariz. ■



Participantes no acto de entrega dos premios da campaña "As compras na túa vila teñen premio".



Freire Couto, alcalde de Barbadás, unha das ganadoras e Aurelio Gómez Villar.



Público no acto de entrega dos premios.